

I.E.S. San Rosendo de Mondoñedo



Proyecto educativo

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN. PRINCIPIOS XERAIS	4
2.- ¿QUENES SOMOS?	5
2.1.- ANÁLISE DO CONTEXTO: A COMARCA	5
2.1.1.- <i>Localización e características xeográficas</i>	5
2.1.2.- <i>A poboación</i>	6
2.1.3.- <i>Economía e sociedade</i>	8
2.1.4.- <i>Situación educativa e cultural</i>	10
2.2.- O CENTRO EDUCATIVO	11
2.2.1.- <i>Historia do centro</i>	11
2.2.2.- <i>Emprazamento</i>	12
2.2.3.- <i>Estrutura física</i>	13
2.2.4.- <i>Oferta educativa</i>	15
2.2.4.1.- <i>Educación Secundaria Obrigatoria (LOE)</i>	15
2.2.4.2.- <i>Medidas de atención a diversidade</i>	17
2.2.4.3.- <i>Bacharelato (LOE)</i>	18
2.2.4.4.- <i>Ciclos Formativos de Formación Profesional</i>	21
2.2.4.5.- <i>Outras actividades e programas do centro educativo</i>	22
2.2.5.- <i>Centros adscritos</i>	22
2.2.6.- <i>Empresas e entidades colaboradoras</i>	22
2.2.7.- <i>Servizos complementarios</i>	23
2.2.7.1. <i>Transporte escolar</i>	23
2.2.7.2. <i>Servizo de comedor</i>	23
2.2.7.3. <i>Servizo de cafetería</i>	24
2.2.7.4. <i>Biblioteca Escolar</i>	24
2.2.7.5.- <i>Actividades extraescolares e complementarias habituais</i>	27
2.2.7.6.- <i>Actividades de relación coas familias</i>	28
2.3.- A COMUNIDADE ESCOLAR	28
2.3.1.- <i>O alumnado. Tipoloxía escolar</i>	28
2.3.2.- <i>As familias</i>	29
2.3.3.- <i>O profesorado</i>	29
2.3.4.- <i>O persoal non docente</i>	29
3.- ¿QUÉ PENSAMOS?	30
3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO	30
4.- ¿QUE QUEREMOS?	34
4.1.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO	34
4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	35
4.1.1.- <i>Obxectivos no ámbito pedagóxico e lingüístico</i>	35
4.1.2.- <i>Obxectivos no ámbito metodolóxico</i>	36
4.1.3.- <i>Obxectivos no ámbito dos valores</i>	37
4.1.4.- <i>Obxectivos no ámbito institucional e do contorno</i>	38
5.- ¿COMO NOS ORGANIZAMOS?	40

5.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO DO CENTRO	40
5.1.1.- <i>Órganos unipersoais</i>	40
5.1.1.1.- Director/a	41
5.1.1.2.- Vicedirector/a	41
5.1.1.3.- Xefe/a de Estudos	41
5.1.1.4.- Secretario/a	42
5.1.2.- <i>Órganos colexiados</i>	42
5.1.2.1.- O consello escolar	42
5.1.2.2.- O claustro de profesores	43
5.2.- ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO	44
5.2.1.- <i>Departamentos didácticos</i>	44
5.2.2.- <i>Departamento de Orientación</i>	44
5.2.3.- <i>Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)</i>	45
5.2.4.- <i>Xuntas de avaliación</i>	45
5.2.5.- <i>Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico</i>	45
5.2.6.- <i>Equipo da biblioteca</i>	45
5.2.7.- <i>Grupos de traballo e seminarios permanentes</i>	45
5.3.- ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO	46
5.3.1.- <i>Delegados e Xunta de Delegados/as</i>	46
5.4.- ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE	46
5.5.- COMISIÓNS MIXTAS	46
5.5.1.- <i>Comisión económica</i>	46
5.5.2.- <i>Observatorio de convivencia</i>	47
5.5.3.- <i>Equipo de normalización lingüística</i>	47
6.- ¿COMO TRABALLAMOS?	48
6.1.- ASPECTOS XERAIS DA ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES	48
6.1.1.- <i>Instrucións para a elaboración das programacións didácticas</i>	48
6.1.2.- <i>Elementos das programacións didácticas</i>	49
6.2.- CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	50
6.2.1.- <i>Educación secundaria obrigatoria</i>	50
6.2.1.1.- Promoción	50
6.2.1.2.- Titulación	51
6.2.2.- <i>Bacharelato</i>	52
6.2.2.1.- Promoción	53
6.2.2.2.- Titulación	53
6.2.3.- <i>Ciclos formativos de Formación Profesional</i>	53
6.3.- ASPECTOS COMPLEMENTARIOS	54
6.3.1.- <i>Atención educativa ao alumnado que non opte por ensinanzas de relixión</i>	54
6.3.2.- <i>Exención da segunda lingua estranxeira en primeiro e segundo da E.S.O</i>	56
7.- RELACIÓN DE ANEXOS DO P. E.	57

1.- INTRODUCCIÓN. PRINCIPIOS XERAIS

Entendemos por Proxecto Educativo de Centro un instrumento para a xestión do ensino -coherente co contexto escolar- que enumera e define as notas de identidade do Instituto, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución. É, pois, un medio fundamental para a nosa organización, as liñas de actuación e metas que pretendemos acadar. Como tal proxecto non se trata dun documento pechado senón dun aparello vivo e funcional que explique e defina o centro que desexamos, que formación esperamos dar ós nosos alumnos e o modelo de organización pretendemos.

Non se deberá esquecer que as estratexias de actuación que deste proxecto se deriven terminarán por involucrar a toda comunidade educativa, establecendo un rumbo a seguir que servirá de guía para todos, polo que os seguintes principios comúns determinan o seu desenvolvemento:


- O IES San Rosendo é aconfesional. A educación que nel se imparte baséase na tolerancia e no respecto de todo tipo de crenzas ou opinións. É un centro público e integrador.
- Garantiza a liberdade de cátedra do profesorado dentro do respecto á constitución e ás leis.
- Contribúe mediante a formación dos seus alumnos/as ó progreso e mellora do concello e a comarca á que estes pertencen, facendo que se interesen pola súa terra e aprecien a súa cultura, tradicións e valores.
- Comprometese a educar os seus alumnos nun exercicio responsable da súa liberdade, para que elixan as súas opcións, actúen de acordo con elas e acepten e valoren as súas consecuencias, guiandoos a unha madurez persoal.
- A acción educativa estará centrada na liberdade, no pluralismo, no respecto ós demais, na solidariedade, na convivencia social, e no desenvolvemento da paz e da igualdade, rexeitando calquera comportamento discriminatorio.
- Todas ás actividades que se realicen exentas de calquera connotación política.

2.- ¿QUENES SOMOS?

2.1.- ANÁLISE DO CONTEXTO: A COMARCA

O IES San Rosendo de Mondoñedo acolle principalmente alumnos procedentes dos concellos de Mondoñedo e Lourenzá, polo que a presente análise centrarase nesta área educativa. Ademáis, tamén deberemos facer referencia ó veciño concello de Abadín, do que procede unha minoría importante e significativa do alumnado.

2.1.1.- Localización e características xeográficas



Mondoñedo e Lourenzá son dous concellos que se encadran na comarca da Mariña Central, ó norte da provincia de Lugo. Ambos concellos pertencen á diócese de Mondoñedo-Ferrol e están adscritos ó partido xudicial de Mondoñedo.

O concello de Mondoñedo, delimitado polos municipios de Foz, Riotorto, A Pastoriza, Abadín, Alfoz, e Lourenzá (ó leste), ten unha extensión de 142,7 km². O municipio está situado a medio camiño entre a costa lucense e A Terra Chá, ó abeiro das montañas

setentrionais galegas, no eixe da N-634 que comunica Asturias co interior de Galicia. O relevo de Mondoñedo resólvese no val do mesmo nome e as súas montañas marxinais, de características moi diversas, con diferentes serras que circundan o territorio. Un relevo de abarrancamentos e rupturas de pendente salva o forte desnivel existente entre o fondo do val a 100 metros sobre o nivel do mar e as alturas de 700 a 900 metros do límite sur do concello. Desta maneira confina co veciño concello de Abadín, que xa forma parte da comarca da Terra Chá. Aínda que unha parte do territorio de Abadín o constitúen as formas suavemente onduladas que dan nome a esta comarca, outra parte está constituída polo conxunto de elevacións montañosas (serra do Xistral, serra da Carba) que configuran o rebordo setentrional da meseta lucense

O concello de Lourenzá, que se asenta no val que leva o seu nome, ocupa unha superficie de 62,6 km². Limita cos municipios de Foz, Riotorto, Barreiros, Trabada e Mondoñedo (polo oeste) e constitúe unha comarca natural uniformemente delimitada por serras con cotas non demasiado elevadas. No concello pódense distinguir as áreas de val, de boas terras de labor, e as de monte, do que case desapareceron as vellas especies autóctonas, como o castiñeiro e o carballo fronte ó avance das especies arbóreas de repoboación, como son o piñeiro e o eucalipto.

2.1.2.- A poboación

O concello de Mondoñedo ten e unha poboación de 4.701 habitantes, e o de Lourenzá 2.620, segundo datos do Padrón municipal de 2007.

As características demográficas destes concellos responden ás duns municipios eminentemente rurais, con densidades de poboación baixas (Mondoñedo 32,9 h/km², Lourenzá, 42 h/km²), parellas as da maior parte dos concellos galegos do interior, en torno á media provincial (36,3 h/km²) e notablemente inferiores á media autonómica (92).

A poboación concéntrase, hoxe en día, maioritariamente na capitalidade dos municipios. A cidade de Mondoñedo, que, ademáis, constitúe a cabeceira do partido xudicial do mesmo nome e da diócese de Mondoñedo-Ferrol conta con 2.170 habitantes (segundo o censo do 2001) e a vila de Vilanova, na parroquia de Santa María de Lourenzá, concentra a 932 habitantes.

A distribución do resto da poboación caracterízase polo poboamento rural disperso en pequenos núcleos conformados por aldeas de tamaño e entidade variables. O concello

mindoniense conta con 15 parroquias, sendo Os Remedios a parroquia máis poboada con 730 habitantes, seguida de lonxe por Santa María Maior, con 305. Da mesma maneira os habitantes do municipio de Lourenzá, espallados en catro parroquias, atópanse diseminados polas pequenas aldeas existentes ó longo de todo o territorio. Esta distribución da poboación, cunha forte dispersión dos domicilios dos alumnos, xunto coa complexidade do relevo, dificulta a organización do transporte escolar facendo necesario un elevado número de rutas de transporte.

A evolución demográfica da comarca presenta unha perda significativa dos seus efectivos dende os inicios do século XX ata a actualidade, especialmente a partir de 1950, feito comun a toda a Galicia interior. O declive tivo a súa causa principal na forte emigración dende as zonas rurais con destino a Europa, ás capitais e zonas industriais españolas e ós municipios veciños da costa. A partir dos anos 70 constátase a perda de influencia da cidade mindoniense, que se viu eclipsada polas vilas lucenses veciñas de Burela, Foz e Ribadeo, en plena expansión nos últimos decenios da centuria pasada. Dende a década dos 80 ata os inicios do século XXI a corrente migratoria tivo lugar entre os máis novos, o que provocou que a cidade episcopal seguise perdendo poboación.

A perda de poboación tamén está vencellada á baixa taxa de natalidade (Mondoñedo 5,6 ‰, Lourenzá 3,9‰), vencellada a comportamentos demográficos revelados por indicadores como a redución da fecundidade, o número de fillos por muller (0,9 / 0,7) ou a elevada idade media á maternidade (31 / 32 anos). Esta situación contrasta co elevado índice de mortalidade (Mondoñedo 19,2 ‰, Lourenzá 17,2‰), que irá en aumento a medida que o avellentamento da poboación se incrementa todavía máis. Desta maneira estes concellos presentan un crecemento natural de signo negativo e por exemplo, no concello de Mondoñedo durante o ano 2006 producíronse 23 nacementos fronte a 75 defuncións, agravándose así o declive poboacional.

A situación ocasiona un alto grao de avellentamento da poboación, moi claramente reflexada na súa estrutura por idades. Os habitantes de menos de 16 anos ocupan tan só o 8,2 % (8 % en Lourenzá); a franxa de idade máis numerosa corresponde ó grupo de 16 a 64 anos (en torno a 60%), seguida polas de 65 en adiante (32 %) e a idade media da poboación ronda os 50 anos. A estrutura poboacional debe ser tida en conta moi seriamente na planificación do sistema educativo da comarca, xa que presenta unhas expectativas de futuro nas que proseguirá a perda de alumnado en colexios e institutos e deberanse reorientar algunhas ensinanzas cara os adultos e a terceira idade e vincular os

centros coa atención cultural e os servizos para as persoas maiores.

Nos últimos anos, sin embargo, nesta situación poboacional comenza a percibirse tímidamente a incidencia do fenómeno da inmigración procedente do estranxeiro (entre o 2 e o 3% da poboación). Os inmigrantes reducen a perda poboacional, aínda que non a compensan. Así nos últimos anos asentáronse nos concellos de Mondoñedo e Lourenzá traballadores e familias principalmente de orixe marroquí e latinoamericano. Esta nova situación repercute directamente nos centros educativos que teñen que afrontar os desafíos da integración deste alumnado, a ensinanza dun novo idioma e a súa incorporación ó sistema educativo.

2.1.3.- Economía e sociedade

A comarca presenta uns indicadores socioeconómicos cercanos ás medias provincial e galega, tanto no que se corresponde coa a taxa de actividade (44 - 45 %), renda familiar dispoñible (entre 11.500 e 12.000 euros) ou taxa de paro (entre 7 e 8%, con maior incidencia do paro xuvenil e feminino), cuns resultados lixeiramente mellores no concello de Lourenzá. Os problemas de seguridade e marxinación non son relevantes.

A economía desta área sustentouse ata hai poucos anos no sector primario, pero, hoxe en día, en consonancia coa maioría dos municipios galegos do interior, sofre un retroceso importante en comparación cos últimos decenios da centuria pasada. O parcelario caracterízase polo minifundio, que da como resultado unha superficie agraria fragmentada en pequenas explotacións, xa que a concentración parcelaria todavía non se desenvolveu en todas as parroquias. Aínda que nos últimos anos estase producindo a redución do número de explotacións e o seu aumento de tamaño, actualmente en Lourenzá máis da metade das explotacións non superan as 5 hectáreas, mentres que as que superan as 20 tan só representan o 4,4 %. O sistema agrario de explotación directa, tradicional e familiar está baseado nun policultivo de subsistencia no que se recollen cereais, patacas, forraxes, cultivos hortícolas e froiteiros. A economía familiar vese complementada polas aportacións dos maiores que coas súas pensións axudan economicamente na casa, aínda que ao mesmo tempo precisan de coidados especiais (atención médica, réxime alimenticio).

Dos concellos situados baixo a área de influencia do Instituto a zona de Abadín é a que máis depende da agricultura e a gandería. No concello de Mondoñedo a porcentaxe de poboación que se dedica a esta actividade abrangue na actualidade ó 23 % do total dos

ocupados. O subsector da gandería é o que mantén aínda unha certa repercusión económica (5.476 cabezas de gando bovino e 382 explotacións no 2005), orientado principalmente ó gando vacún de produción cárnica (dous tercios das cabezas), seguida da produción leiteira.

O sector agrícola emprega en Lourenzá ó 28 % dos traballadores, aínda que este municipio experimentou unha transformación salientable no que respecta á importancia dos seus sectores económicos dende a década dos 80 do século XX ata a actualidade. As tarefas agrarias foron perdendo terreo, para darlle paso ó nacemento das pequenas e medianas empresas, que hoxe en día se converteron no principal eixe económico deste territorio. Ademais do subsector gandeiro centrado na cría de gando vacún, de produción láctea e cárnica, nos últimos anos a agricultura alcanzou un certo grao de especialización, principalmente nos cultivos hortícolas, dos que a faba ocupa, sen dúbida, un lugar destacado. As iniciativas vinculadas ó desenvolvemento desta produción (lonxa hortofrutícola, Centro de Interpretación da Faba) ocupan un ámbito destacado no concello.

Sin embargo, a maior dedicación do espazo corresponde ó terreo forestal, sometido dende hai anos a unha grande actividade repoboadora a base de piñeiros e eucaliptos, mentres que as vellas especies nobres como o castiñeiro e o carballo, practicamente desapareceron. Esta riqueza explica a oferta no IES San Rosendo dunha formación profesional especializada no eido forestal

O sector secundario está representado fundamentalmente pola industria madeireira. En Lourenzá abrangue todo o ciclo, dende a corta de árbores, serradoiros, talleres de ebanistas e carpinterías ata as fábricas de mobles, entre as que sobresaen Muebles Hermida, que exporta os seus produtos a toda España e moitos países do estranxeiro. En Mondoñedo tamén o sector secundario está representado principalmente por pequenas industrias relacionadas coa transformación maderera, entre as que salienta Ecar, recentemente adquirida pola empresa Financieira Maderera SA (Finsa). Así no Instituto, en colaboración coas empresas e o concello de Lourenzá, impartíuse ata fai poucos anos un ciclo formativo de grao medio adicado á carpintería e o moble. Tamén en Mondoñedo teñen certa incidencia económica os obradoiros de tradición artesá, entre os que sobresaen os talleres de mármore e os establecementos de elaboración de produtos de confitería, de gran sona.

As actividades económicas do sector terciario concéntranse nos núcleos máis urbanizados. Aínda que Vilanova é un centro comercial e administrativo de crecente

importancia, no que é salientable a presenza de servizos administrativos e sanitarios, así como de locais comerciais e, en menor medida do subsector hostaleiro, o maior desenvolvemento destas actividades prodúcese en Mondoñedo. A cidade de Mondoñedo, como capital do municipio e cabeza do partido xudicial e da diócese, é eminentemente administrativa, polo que as actividades vencelladas ós servizos se agrupan no núcleo urbano e danlle emprego ó 44% da poboación. Este sector concéntrase nos edificios administrativos destinados a albergar os correspondentes organismos de xestión (Xulgados, Centro de Saúde, Asilo, Rexistro da Propiedade). A pesar de ser un centro terciario de importancia comarcal, a súa área de influencia viuse minguada nos últimos anos polo desenvolvemento de vilas próximas como Foz, Ribadeo ou Burela, que na actualidade contan cun maior número de servizos e equipamentos.

2.1.4.- Situación educativa e cultural

Os centros educativos da comarca son os seguintes:

- ◆ No concello de Mondoñedo o IES San Rosendo, o CEIP Álvaro Cunqueiro (adscrito ó IES), o CPR Seminario Santa Catalina e a Escola de Música Municipal “O Pallarego”.
- ◆ No concello de Lourenzá a EEI Santo Adrao e o CEIP Juan Rey, tamén adscrito ó IES.

As principais dotacións para a atención a cultura e o deporte da xuventude e a infancia atópanse baixo a xestión dos concellos. En Lourenzá na casa da Xuventude, o P.A.I. “Meniños”, as Escolas Deportivas Municipais, a Oficina Municipal de Información Xuvenil e a Biblioteca Municipal “Juana de Ibarborou”, con dúas salas (unha de adultos e outra infantil). Na área mindoniense a Casa da Xuventude, o Auditorio, e a Biblioteca Municipal son as principais dotacións públicas vinculadas á cultura. Tamén é importante a labor cultural vinculada á Catedral e ó Seminario, que conta cunha destacada biblioteca, desenvolve ciclos de conferencias, e sostén un interesante Museo.

O nivel educativo da poboación da comarca, atendendo ó porcentaxe de persoas en posesión dun título medio ou superior atópase uns puntos por encima da media galega, especialmente no concello de Mondoñedo de antiga tradición educativa e cultural. Desta maneira no concello de Mondoñedo o nivel de formación da poboación (e por tanto dos pais) amósase nos seguintes porcentaxes:

Non saben ler ou escribir	2,10 %
Menos de 5 anos de escolarización	7,60 %
Estudios primarios sen completar	49,73 %
Graduados (ESO, EXB), Titulados FP I	21,44 %
Bacharelato superior, FP superior	4,68 %
Licenciados	3,04 %

Os núcleos urbanos de Vilanova e Mondoñedo son os que aglutinan á poboación con maior formación e nivel cultural, tanto pola concentración de dotacións culturais e educativas como polos empregos que desempeñan vencellados á administración e os servizos. O ambiente familiar, a dotación e a mentalidade da vila provoca certas diferencias entre o alumnado procedente deste entorno e o das áreas rurais, perceptible nas actitudes, na base cultural ou no uso da lingua.


2.2.- O CENTRO EDUCATIVO

2.2.1.- Historia do centro

O Instituto é un centro público que comenzou a súa andaina como “Centro de Ensinanza Media e Profesional” fai máis de cincuenta anos, alá polo sete de Xaneiro de 1954, data da inauguración coa que se iniciou o primeiro curso académico. O edificio comenzou a ser construído como sede para a Escola Oficial de Artes e Oficios Artísticos, coa que nun principio o Instituto debía compartir o edificio, de tal maneira que se edificou unha ampliación con novos pavillóns que se remataron en Agosto de 1958.

O centro era de modalidade agrícola-gandeira para o que fixo falta incorporar un campo de prácticas agrícolas, polo que o estado decretou a expropiación forzosa do terreo que agora todos chaman “A granxa” e no que se desenvolveron posteriormente as ensinanzas das ramas agraria e forestal da F. P. Coas sucesivas leis educativas, e ó non desenvolverse a Escola de Artes e Oficios, o centro, que pasou a ser Instituto Laboral, posteriormente denominouse Instituto Técnico, máis adiante Instituto Nacional de Bacharelato, e a partir do curso 1998-1999 Instituto de Educación Secundaria, para o que foi construída unha nova ampliación.

2.2.2.- Emprazamento





O centro distribúese en dúas localizacións diferentes. A sede do IES aséntase no núcleo urbano de Mondoñedo, cabeza do concello do mesmo nome, na parroquia e barrio dos Remedios. O edificio está situado no extremo sur da poboación, a escasos metros do casco histórico, na Avenida As San Lucas nº 33, que comunica os accesos á carretera N. 634 (que comunica Asturias co interior de Galicia) co centro da vila.

A sección onde se imparten os ciclos de FP da familia profesional de actividades agrarias localízase na finca denominada “A Granxa”, ó norte da vila, enfronte do Cemiterio Vello, preto do CEIP Álvaro Cunqueiro e fronte á gasolinera.



2.2.3.- Estrutura física

A sede do IES consta de varias edificacións que se foron erixindo nas diferentes etapas polas que pasou a vida do centro:

O antigo edificio principal, ó que se accede a través dun espacio adicado a xardín dispón de tres plantas:




Na primeira planta situanse os locais de conserxería, as oficinas dos servizos administrativos, os despachos de dirección, a sala de profesores, un despacho para recepción de pais e un aula de pequena capacidade; a segunda planta, dividida en dúas alas contén o despacho de Orientación Escolar, dúas aulas amplas, unha aula de Debuxo e dous despachos adicados a servizos de dirección e titorías; a terceira planta, que se corresponde co faiado e antiga vivenda do conserxe, está consignada como espacio para os departamentos didácticos e unha ampla aula que se adicou a laboratorio de idiomas .




Anexos ó edificio principal e comunicados con él por sendos corredores cubertos atópanse a un lado un aula de Audiovisuais e a outro a Biblioteca.

Á dereita e de entrada ó edificio dous pavillóns adicados situado á dereita según se entra está o taller espacios, un adicado a aula auxiliar e outro a da biblioteca; no da esquerda dúas grandes destinada a aula de informática e outra a taller




esquerda do xardín principal atópanse a aulas e talleres; no de debuxo, e dous almacén de fondos aulas, unha de tecnoloxía.




A continuación da Biblioteca, á dereita do edificio principal e comunicado con él polo corredor cuberto e pechado arriba mencionado accedese á primeira e máis antiga ampliación realizada no centro que consta de baixo e tres plantas.


No baixo está situada a cafetería e un ximnasio; na primeira planta dúas aulas (unha pequena de desdobles),



dous despachos para orientación e apoio escolar e o laboratorio de Física; na segunda planta dúas aulas (unha para reforzo), o laboratorio de Bioloxía e o laboratorio de Química; na terceira planta está situada a aula de Música.



A última e máis recente ampliación do centro, con motivo da implantación da ESO, atópase a continuación da edificación anterior. Esta ampliación, comunicada por corredores co resto do edificio, consta de dúas plantas, con cinco aulas en cada unha. Unha das aulas da primeira planta adicase actualmente a usos múltiples vinculados coas TIC e nela



están instalados varios ordenadores e unha pizarra dixital.

No IES, a acumulación de edificacións e corredores de trazado labiríntico prolonga o tempo de desprazamento polos diferentes espazos. Esta estrutura repercute de forma negativa na vida do centro ó incrementar o tempo de desprazamento dos alumnos duns lugares a outros e potenciar o desorden que causan os desprazamentos.

A área adicada ós Ciclos Formativos da rama Forestal consiste nunha ampla finca de prácticas de 3'5 hectáreas, coñecida como "A Granxa" localizada aproximadamente a un quilómetro da sede principal do Instituto na que se atopan as seguintes instalacións:

- Catro aulas para impartir contidos xerais.
- Un laboratorio dotado con ordenadores, un taller de 180 metros cadrados, un garaxe para a maquinaria e tres pequenos almacéns (de ferramentas, para desbrozadoras, e para xerminación).

- Dous despachos para o departamento, dos que un está destinado a oficina.

2.2.4.- Oferta educativa

Na actualidade neste centro impártense as seguintes ensinanzas e materias:

2.2.4.1.- Educación Secundaria Obrigatoria (LOE)

<i>1º ESO</i>	<i>2º ESO</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA ▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA ▪ LINGUA ESTRANXEIRA ▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª ▪ MATEMÁTICAS ▪ EDUCACIÓN FÍSICA ▪ CC NATURALEZA ▪ EDUCACIÓN PLÁSTICA ▪ 2º LINGUA ESTRANXEIRA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ATENCIÓN EDUCATIVA/HIST. RELIXIÓNS ▪ PROXECTO INTERDISCIPLINAR 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA ▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA ▪ LINGUA ESTRANXEIRA ▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª ▪ MATEMÁTICAS ▪ <u>EDUCACIÓN FÍSICA</u> ▪ CC NATURALEZA ▪ TECNOLOXÍAS ▪ MÚSICA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ ATENCIÓN EDUCATIVA/HIST. DAS RELIXIÓNS ▪ EDUCACIÓN PARA A CIUDADANIA ▪ 2º LINGUA ESTRANXEIRA

<u>3º ESO</u>	<u>4º ESO</u>
<u>MATERIAS COMÚNS:</u>	<u>MATERIAS COMÚNS:</u>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA ▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA ▪ LINGUA ESTRANXEIRA ▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª ▪ MATEMÁTICAS ▪ CC NATURALEZA (BIOLOX E XEOLOX / FISICA E QUIMICA) ▪ EDUCACIÓN FÍSICA ▪ EDUCACIÓN PLÁSTICA ▪ TECNOLOXÍAS ▪ MÚSICA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ATENCIÓN EDUCATIVA/HISTORIA DAS RELIXIÓNS 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA ▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA ▪ LINGUA ESTRANXEIRA ▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª ▪ MATEMÁTICAS ▪ EDUCACIÓN FÍSICA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ATENCIÓN EDUCATIVA/HISTORIA DAS RELIXIÓNS ▪ EDUCACIÓN ÉTICO- CÍVICA
<p><u>MATERIAS OPTATIVAS:</u> (ESCOLLER UNHA)</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA ❖ CULTURA CLÁSICA ❖ TALLER DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS ❖ XARDINERÍA 	<p><u>ITINERARIOS DE 4º ESO</u> (VER CADRO SEGUINTE)</p>

4º	Itinerario 1	<u>Optativas</u> (só se cursa unha optativa)
E	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Física e química ➤ Bioloxía e xeoloxía ➤ Informática 	
S	Itinerario 2	
O	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Física e química ➤ Tecnoloxía <li style="padding-left: 20px;">➤ Educación plástica e visual 	
I	Itinerario 3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Música ▪ Francés ▪ Plástica ▪ Tecnoloxía ▪ Informática ▪ Latín ▪ Física e química ▪ Bioloxía ▪ Xardinería (se non se cursou en 3º) ▪ Cultura clásica (se non se cursou en 3º) ▪ Obradorio de iniciativas emprendedoras (se non se cursou en 3º)
T	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 2ª lingua estranxeira ➤ Informática ➤ Latín / Música 	
N	Itinerario 4	
E	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Música ➤ Informática ➤ Educación plástica e visual 	
R		
A		
R		
I		
O		
S		

2.2.4.2.- Medidas de atención a diversidade

- DESDOBRES
- REFORZOS EDUCATIVOS
- ADAPTACIÓNS CURRICULARES
- GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS (ALUMNOS INMIGRANTES)
- PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DE 2 ANOS DE DURACIÓN

O programa de diversificación curricular ven regulado pola *Orden do 30 de xullo de 2007 (D.O.G. do 21 agosto de 2007)*. Poderán incorporarse, con un máximo de 10 alumnos por programa, as alumnas e alumnos que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.
- b) Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.
- c) Tras repetir o terceiro curso, non superalo.

A distribución por curso das áreas e materias do Programa de Diversificación Curricular é a seguinte:

ÁREAS 3º PDC	AGRUPAMENTO
L. Estranxeira (3 h.) Área socio-lingüística (9 h.) Área científica (9 h.) Titoría (1 h.) Tecnoloxías (3 h.)	Grupo de PDC
Materia optativa (2 h.) (Elixir unha das optativas de 3º da ESO) Educación física (2 h.) Educación plástica e visual (2 h) Relixión / Atención Ed. / Hª. das Relixións (1 h.)	Grupo ordinario de 3º ESO

ÁREAS 4º PDC	AGRUPAMENTO
L Estranxeira (3 h.) Área socio-lingüística (8 h.) Área científica (8 h.) Titoría (1 h.) Tecnoloxías (3 h.)	Grupo de PDC
Materia optativa (3 h.) (Elixir 1 entre as de 4º da ESO) Educación física (2 h.) Música (3 h) Relixión/ Atención Ed. / Hª. das Relixións (1 h.)	Grupo ordinario de 4º ESO

■ PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI)

Estes programas, orientados a introducir ós alumnos que non se atopan en condicións de obter o título da ESO no mundo laboral, teñen como destinatarios a alumnos/as maiores de 16 anos, cumpridos con anterioridade ó 31 de decembro do ano que se inicia o programa, que non obtiveran o título da ESO. Excepcionalmente poderá acceder un alumno/a con 15 anos sempre que cumpra os seguintes requisitos: acordo dos pais e alumno/a, ter cursado 2º ESO, non estar en condicións de promocionar a 3º da ESO e ter repetido xa unha vez na etapa co compromiso de cursar os módulos voluntarios e informe favorable do departamento de orientación.

Os programas teñen a seguinte estrutura:

1º CURSO: OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN 1

- MÓDULOS ESPECIFICOS: Farase unha fase de prácticas nas empresas
- MÓDULOS FORMATIVOS DE CARACTER XERAL: Desenvolver as competencias básicas para a transición do sistema educativo ó mundo laboral.

2º CURSO: OBTENCIÓN DO TÍTULO DA ESO

- MÓDULOS VOLUNTARIOS: Para poder cursalos deben ter obtido o certificado de cualificación 1 no 1º curso. Serán impartidos en centros da ESO ou Educación de Adultos. Organízanse en tres ámbitos: ámbito da comunicación, ámbito social e ámbito científico-tecnolóxico.

Os alumnos que cursen un programa de cualificación profesional estará exento dunha parte da proba de acceso a ciclo medios.

Durante o curso 2008-2009 o IES San Rosendo ten autorizados diversos perfís de programas de cualificación profesional inicial autorizados no curso 2008-2009 na modalidade C mixta. Tendo en conta as posibilidades de establecemento de convenios coas empresas e as institucións do contorno, as características e necesidades do alumnado solicitante, no IES SAN ROSENDO só poderíamos encontrar empresas na zoa relacionadas con estes perfís:

- [Actividades agrarias](#): PCPI de xardinaría e viveirismo, PCPI de producións agrícolas, PCPI de arranxos florais.
- [Administración](#): PCPI de servizos administrativos
- [Comercio e márketing](#): PCPI de comercio
- [Electricidade e electrónica](#)
- [Fabricación mecánica](#): PCPI de fabricación mecánica
- [Imaxe persoal](#): PCPI de estética, PCPI de peiteado
- [Madeira e móble](#): PCPI de carpintaría
- [Mantemento de vehículos](#): PCPI de mantemento de vehículos

2.2.4.3.- Bacharelato (LOE)

□ Primeiro curso de Bacharelato (LOE)

- Materias comúns: Educación Física, Filosofía e Cidadanía, Lingua Galega e Literatura I, Lingua Castelá e Literatura I, Inglés I, Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Relixión ou Atención Educativa.

- Materias propias de modalidade:

- Bacharelato da Ciencia e da Tecnoloxía: Matemáticas I, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Debuxo Técnico I, Tecnoloxía Industrial I.
- Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais: Historia do Mundo Contemporáneo, Latín I, Grego I, Matemáticas Aplic. ás CC.SS, Economía.

- Materias optativas: Francés I, Música, Tecnoloxías da Información e Comunicación, Antropoloxía, Literaturas Hispánicas.

ORGANIZACIÓN DA OFERTA EDUCATIVA EN 1º DE BACHARELATO		
MATERIAS COMÚNS	MODALIDADES DO BACHARELATO (ESCOLLER UNHA)	OPTATIVAS (NUMERAR CATRO POR ORDEN DE PREFERENCIA)
EDUCACIÓN FÍSICA FILOSOFÍA E CIDADANÍA LINGUA GALEGA E LITERATURA I LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I INGLÉS I CIENCIAS PARA O MUNDO CONTEMPORÁNEO RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA	<input type="checkbox"/> DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA <ul style="list-style-type: none"> • MATEMÁTICAS I • FÍSICA E QUÍMICA Escoller unha: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> BIOLOXÍA E XEOLOXÍA <input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO I <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS OPCIÓN A <ul style="list-style-type: none"> • HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO • LATÍN I • GREGO I <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS OPCIÓN B <ul style="list-style-type: none"> • HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO • MATEMÁTICAS APLIC. ÁS CC.SS I • ECONOMÍA 	<input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO I <input type="checkbox"/> ECONOMÍA <input type="checkbox"/> GREGO I <input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I <input type="checkbox"/> BIOLOXÍA E XEOLOXÍA <input type="checkbox"/> FRANCÉS I <input type="checkbox"/> MÚSICA <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN <input type="checkbox"/> ANTROPOLOXÍA <input type="checkbox"/> LITERATURAS HISPÁNICAS
As materias optativas impartiranse sempre que se forme un grupo mínimo de alumnos e non exista incompatibilidade horaria. Nota: FÍSICA E QUÍMICA é necesaria para cursar FÍSICA de 2º e QUÍMICA de 2º. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA é necesaria para cursar BIOLOXÍA, CIENCIAS DA TERRA e XEOLOXÍA de 2º. Nas materias de contidos progresivos, debe terse cursado a de primeiro para cursar a de segundo.		

□ Segundo curso de Bacharelato (LOE)

- Materias comúns: Historia de España, Historia da Filosofía, Lingua Galega e Literatura II, Lingua Castelá e Literatura II, Inglés II, Relixión ou Atención Educativa.

- Materias propias de modalidade:

• Bacharelato da Ciencia e da Tecnoloxía: Matemáticas II (Obrigatoria), Física, Bioloxía, Química, Debuxo Técnico II, Tecnoloxía Industrial II, Ciencias da Terra e Ambientais.

• Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais: Xeografía (Obrigatoria), Matemáticas Aplic. ás CC.SS II, Latín II, Economía da Empresa, Historia da Arte, Grego II, Literatura Universal.

- Materias optativas: Xeografía e Historia de Galicia, Ética e Filosofía do Dereito, Métodos Estatísticos e Numéricos, Filosofía da Ciencia e Tecnoloxía, Francés II, Literatura Galega do século XX e da actualidade, Historia da Música e da Danza .

ORGANIZACIÓN DA OFERTA EDUCATIVA EN 2º DE BACHARELATO		
MATERIAS COMÚNS HISTORIA DE ESPAÑA HISTORIA DA FILOSOFÍA LINGUA GALEGA E LIT. II LINGUA CASTELÁ E LIT. II INGLÉS II RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA	MODALIDADES DE BACHARELATO (ESCOLLER UNHA OPCIÓN) <small>(Numerar por orde de preferencia as materias da modalidade, cursará dúas máis a obrigatoria)</small>	
	<input type="checkbox"/> DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA	<input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
	• MATEMÁTICAS II (Obrigatoria)	• XEOGRAFÍA (Obrigatoria)
	<input type="checkbox"/> FÍSICA <input type="checkbox"/> BIOLOXÍA <input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO II <input type="checkbox"/> QUÍMICA <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II <input type="checkbox"/> CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS	<input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLIC. ÁS CC. SOCIAIS II <input type="checkbox"/> ECONOMÍA DA EMPRESA <input type="checkbox"/> HISTORIA DA ARTE <input type="checkbox"/> LATÍN II <input type="checkbox"/> GREGO II <input type="checkbox"/> LITERATURA UNIVERSAL
MATERIAS PARA CURSAR COMO OPTATIVAS <small>(Numerar catro por orden de preferencia para cursar unha)</small>		
<input type="checkbox"/> XEOGRAFÍA E HISTORIA DE GALICIA <input type="checkbox"/> ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO <input type="checkbox"/> MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS <input type="checkbox"/> FILOSOFÍA DA CIENCIA E TECNOLOXÍA <input type="checkbox"/> FRANCÉS II <input type="checkbox"/> LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE <input type="checkbox"/> HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA <input type="checkbox"/> XEOLOXÍA <input type="checkbox"/> CALQUERA DAS OUTRAS MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE (FÍSICA, BIOLOXÍA, DEBUXO TÉCNICO II, QUÍMICA, TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II, CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS, MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS, LATÍN II, GREGO II, ECONOMÍA DA EMPRESA, LITERATURA UNIVERSAL, HISTORIA DA ARTE).		
As materias optativas impartiranse sempre que se forme un grupo mínimo de alumnos e non exista incompatibilidade horaria		

2.2.4.4.- Ciclos Formativos de Formación Profesional

➤ CICLO SUPERIOR DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PAISAXISTICOS

Primeiro curso:

- Instalación de xardíns e restauración da paisaxe.
- Aproveitamentos forestais.
- Protección de masas forestais.
- Mecanización e instalacións dunha empresa agraria.
- Xestión Silvícola.

Segundo curso:

- Xestión dos aproveitamentos cinexéticos e piscícolas.
- Relacións no equipo de traballo.
- Formación e orientación laboral.
- Xestión de uso público en espazos naturais.
- Xestión e organización de produción de planta.
- Proxecto integrado
- Organización e xestión dunha empresa familiar agraria.
- Formación en centros de traballo.

➤ MÓDULOS DO CICLO MEDIO DE TRABALLOS FORESTAIS E DE CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (ADULTOS)

O ciclo medio de Traballos forestais e de conservación do medio natural impártese na oferta por módulos do réxime para as persoas adultas segundo establece a *Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior (DOG do 7 de maio)*. Cada ano ofértanse diferentes módulos cun horario compatible coa vida laboral e unha distribución que garante que o alumnado poida rematar as ensinanzas deste ciclo, agás a FCT, nun período de tres cursos académicos. Tal e como regula a citada orde no artigo 19, punto 4, apartado c, unha vez superados todos os módulos de formación no centro educativo a FCT realizarase ao principio do curso académico seguinte.

Os módulos que integran este ciclo son os seguintes:

- Agrotecnoloxía (185 h.)
- Aproveitamentos forestais (185 h.)
- Produción de plantas (215 h.)

- Formación e orientación laboral (55 h.)
- Conservación e defensa das masas forestais (240 h.)
- Mecanización agraria (215 h.)
- Aproveitamentos cinexéticos e piscícolas (110 h.)
- Instalacións agrarias (110 h.)
- Actividades de uso público en espazos naturais (90 h.)
- Organización e xestión dunha explotación agraria familiar (110 h.)
- Relacións no equipo de traballo (55 h.)
- Formación en centros de traballo (380 h.)

2.2.4.5.- Outras actividades e programas do centro educativo

- **THAT'S ENGLISH** (CURSO DE INGLES A DISTANCIA-CERTIFICADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS).
- **SECCIÓNS BILINGÜES.**
- **INTERCAMBIOS LINGUISTICOS.**
- **PROXECTOS DA UNIÓN EUROPEA** (PARTICIPA PROFESORADO E ALUMNADO)
- **PLAN PROA:** COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA, BIBLIOTECAS ESCOLARES, REFORZO EDUCATIVO, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.
- **PROGRAMA DE MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR:** LINGUA GALEGA, CASTELÁN E MATEMÁTICAS.

2.2.5.- Centros adscritos

- o CEIP Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo.
- o CEIP Juan Rey de Lourenzá.

2.2.6.- Empresas e entidades colaboradoras

As empresas e entidades oficiais que, habitualmente, colaboran co centro para que os alumnos dos Ciclos Formativos poidan completar os seus estudos coa formación nun centro de traballo son as seguintes:

- Asociación Forestal de Galicia (en Cangas de Foz e nas Pontes de Garcia Rodríguez).
- Madeiras Villapol.
- Madeiras Costiña.
- Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA).

- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Consellería de Medio Rural.
- Asesores en Recursos Naturales S.L. (A.RE.NA.).
- Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).
- Cerna Ingeniería e Asesores Medioambientales S.L.
- Gimena Ingeniería S.L.
- Viveiros Mañente.
- Viveiros Cabaleiros.

2.2.7.- Servizos complementarios

2.2.7.1. Transporte escolar

Os alumnos e alumnas de E.S.O. residentes fóra do núcleo urbano de Mondoñedo terán dereito ó servizo de transporte escolar. Tamén cabe a posibilidade de que o alumnado de Bacharelato poida viaxar, sempre que o solicite por escrito, existan prazas libres no transporte e a Consellería de Educación o autorice.

Existen 10 rutas do transporte escolar diferentes que corren a cargo de catro empresas: *Autocares Rivas Rodríguez S. L., Autos Lozano S. L., Autocares Carreira S. L. e Juan Ramón Méndez Fernández.*

2.2.7.2. Servizo de comedor

O mesmo alumnado de E.S.O. que ten dereito ó transporte escolar tamén pode utilizar o servizo de comedor todos os días lectivos. Os luns de todo o curso académico este servizo será utilizado por todos os alumnos da E.S.O. transportados, dado que se imparte clase pola tarde segundo o horario actual do centro.

O servizo de comedor realizase nas instalacións do C.E.I.P. Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo a cargo da Consellería. Tras rematar as clases, ás 15:00 horas, o alumnado que disfruta deste servizo é transportado desde o I.E.S. ata as instalacións do comedor do C.E.I.P. Álvaro Cunqueiro. Ó rematar de comer, ás 16:00, o transporte escolar conduce de novo ó alumnado ó Instituto os luns e ós seus fogares o resto dos días da semana. O alumnado no comedor sempre estará acompañado por algún colaborador ou encargado designado pola dirección do centro.

2.2.7.3. Servizo de cafetería

O I.E.S. San Rosendo conta con un servizo de cafetería que funciona nas súas instalacións. Este servizo é explotado por un empresario privado en réxime de concesión nas condicións establecidas polo Consello Escolar.

O horario da cafetería debe ser o mesmo que o horario lectivo, incluídas as sesións de avaliación e casos excepcionais negociados do encargado deste servizo. A cafetería atende ós alumnos única e exclusivamente durante o período de lecer. Durante os períodos lectivos o alumnado non poderá permanecer nela, salvo excepcións e con permiso do equipo directivo. Nestes períodos só poderá facer uso da cafetería o persoal docente, o persoal laboral do centro e os provedores.

2.2.7.4. Biblioteca Escolar

A biblioteca escolar debe ser un centro de recursos dinámico e un activo servizo de información que cumpre un papel esencial en relación coa aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, coas tarefas docentes e co contorno social e cultural do centro. Aparece como un espazo educativo, que alberga unha colección organizada e centralizada de todos os materiais informativos que precisa o centro para desenvolver a súa tarefa docente, baixo a supervisión de profesorado con dispoñibilidade horaria, e as súas actividades intégranse plenamente nos procesos pedagóxicos do centro. Será polo tanto, un lugar favorable para o estudo, a investigación, o descubrimento, a autoformación e a lectura.

a) Obxectivos da Biblioteca Escolar

A Biblioteca Escolar do I.E.S. San Rosendo de Mondoñedo, debe perseguir os seguintes obxectivos xerais:

- Ofrecer oportunidades para a utilización e produción de información que posibiliten a adquisición de coñecementos, a comprensión, o desenvolvemento da imaxinación e o lecer.
- Apoiar ao alumnado na aprendizaxe e na práctica da valoración e utilización de contidos en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta as formas de comunicación máis usuais na súa comunidade.
- Proporcionar acceso aos recursos locais, rexionais, nacionais e globais que lle permitan ao alumnado poñerse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas.
- Fomentar o desenvolvemento de competencias básicas para o alumnado como a competencia en comunicación lingüística, a competencia no tratamento da información, a competencia dixital e a competencia cultural e artística.

b) Principios básicos e funcións da biblioteca

A nosa biblioteca fundaméntase nos seguintes principios:

- A biblioteca é, ante todo, un lugar de aprendizaxe, de encontro e comunicación, integrada no proceso pedagóxico para favorecer a autonomía e responsabilidade do alumnado.

- A biblioteca recolle todos os recursos bibliográficos, informativos e didácticos en xeral. Non só atoparemos documentos impresos en papel (libros, revistas, periódicos), senón todos aqueles soportes nos que atopar información.

- A xestión da biblioteca deberá ser centralizada, aínda que en permanente contacto e colaboración cos departamentos.

- A biblioteca estará aberta toda a comunidade educativa e ao exterior, relacionándose co seu contorno social e cultural, colaborando con outras institucións e utilizando as novas tecnoloxías que lle permiten estar en conexión con calquera outra biblioteca ou centro educativo.

Por outro lado as funcións da biblioteca do noso centro son:

1. Recompilar toda a documentación existente no centro, así como os materiais e recursos didácticos relevantes, independentemente do soporte.
2. Organizar os recursos de tal xeito que sexan facilmente accesibles e utilizables. Facer posible o seu uso cando se necesiten, mediante un sistema de información centralizado.
3. Establecer canais de difusión da información no centro educativo, contribuindo á creación dunha fluída rede de comunicación interna.
4. Difundir entre alumnado e profesorado información en diferentes soportes para satisfacer as necesidades curriculares, culturais e complementarias. Ofrecerlles asistencia e orientación.
5. Colaborar cos profesores e as profesoras para que o alumnado adquira as capacidades necesarias para o uso das distintas fontes de información.
6. Impulsar actividades que fomenten a lectura como medio para a educación, a obtención de pracer e de información.
7. Actuar como enlace con outras fontes e servizos de información externos e fomentar o seu uso por parte de alumnos/as e profesores/as.

c) Organización e funcionamento

O servizo de biblioteca estará a disposición do profesorado, alumnado e persoal non docente, segundo o horario que se estableza para cada curso escolar e seguirá as

seguintes normas:

- 1.- A biblioteca permanecerá aberta durante o recreo para todo o alumnado, que deberá permanecer en silencio, sen perturbar a orde e o ambiente de traballo propio dunha biblioteca.
- 2.- O préstamo e a devolución dos libros efectuarase durante o período de lecer.
- 3.- Os usuarios/as poderán levar prestados ata un máximo de dous libros por un período de quince días e de dúas películas por un período de cinco días. Ó remate deste prazo poderase renovar por outros sete días o libro e dous días a película. Non poderán sacarse fóra do centro dicionarios, enciclopedias nin outro tipo de publicacións que decida o equipo responsable da biblioteca e o secretario/a do centro.
- 4.- O extravío ou non devolución dalgún exemplar carrexará, por parte do beneficiario do préstamo, a reposición dun novo exemplar do libro extraviado ou facerse cargo do custe económico doutro libro de valor equivalente. A negativa á reparación do extravío ou a non devolución será motivo de posibles sancións como conduta gravemente prexudicial para a convivencia no centro.
- 5.- Non se poderá comer nin beber na biblioteca, e os xogos a desenvolver serán os permitidos polo profesor/a de garda.
- 6.- Os alumnos terán á súa disposición durante o período de lecer o uso dos ordenadores de alumnos sempre en presenza do profesor/a de garda. Para isto deberán apuntarse nunha lista e usalo durante un máximo de quince minutos. Terá preferencia quen o necesite para facer traballos.
- 7.- Non se impartirán clases na biblioteca, salvo necesidades especiais ou de utilización dos recursos dispoñibles nesta.

Para un bo funcionamento da biblioteca e unha boa organización da mesma é necesario contar coa figura do/a profesor/a responsable da biblioteca que ten un labor non só técnico senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal. As funcións do/a profesor/a responsable da biblioteca serán:

1. Organizar os fondos da biblioteca.
2. Recompilar e xestionar todo o material novo que chegue ao centro, así como o elaborado polo alumnado.
3. Asegurar a organización, mantemento e axeitada utilización dos recursos documentais e da biblioteca do centro.
4. Difundir, entre a comunidade educativa, materiais didácticos e información administrativa, pedagóxica e cultural.

5. Organizar o servizo de préstamo.
6. Colaborar na planificación e o desenvolvemento do traballo escolar, favorecendo a utilización de diferentes recursos documentais.
7. Coordinar ao profesorado con horario de atención á biblioteca para que poidan atender os alumnos e alumnas que utilicen a biblioteca, facilitándolles o acceso a diferentes fontes de información e orientándolles sobre a súa utilización.
8. Coordinar o proxecto de adquisicións de fondos, recollendo as suxestións dos diversos departamentos do Centro, de xeito que se realice unha actualización equilibrada dos mesmos.
9. Artellar a cooperación coas outra bibliotecas do contorno.
10. Presentar á Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) as cuestións referentes á xestión, organización e mantemento da biblioteca e ó Consello Escolar a solicitude e proxecto de orzamentos.
11. Asesorar a expurga de fondos documentais da biblioteca, que pasarán a formar parte do fondo histórico.

A dirección do centro procurará a organización dun equipo de apoio da biblioteca, con profesorado coa suficiente dispoñibilidade horaria, que se ocupará de participar xunto co responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma, colaborar na catalogación e organización dos fondos bibliográficos e documentais, e cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.

Todo o material da biblioteca será rexistrado en soporte informático empregando o “Proxecto Meiga”. Logo de gardar os novos rexistros, unha copia do catálogo da base datos será enviada ao servidor central da rede de Bibliotecas de Galicia coa fin de poder ser publicada en internet. Os préstamos e devolucións de fondos serán xestionados tamén mediante o anterior programa. O fondo bibliográfico da biblioteca do centro poderá ser consultado a través da páxina web www.opacmeiga.rbgalicia.org.

2.2.7.5.-Actividades extraescolares e complementarias habituais

- Excursións e visitas didácticas organizadas polos diferentes departamentos didácticos.
- Festival de Nadal e festival de Antroido.
- Intercambios de idiomas. Participación no proxecto “Comenius” da Unión Europea.
- Participación en diversos programas interdisciplinares patrocinados polas

institucións rexionais e nacionais como o “Proxecto Terra” ou o programa “Ponte nas ondas”.

2.2.7.6.- Actividades de relación coas familias

Existe un plan de acollida a pais(ver anexo), onde se pretenden acadar algúns dos seguintes obxectivos:

- Facilitar un primeiro contacto ordenado das familias dos alumnos co centro na súa dimensión institucional, física e humana.
- Prestar a tódalas familias, tanto por parte do equipo directivo, en representación do centro, como por parte do titor/a, e departamento de orientación unha acollida cálida e afectiva.
- Favorecer o inicio dunha relación do titor/a coa familia que facilite a confianza e axuda que deben impregnar a acción tutorial.
- Dar a coñecer, ou recordar e insistir nas normas básicas e elementais de convivencia no centro así como o funcionamento do mesmo (Regulamento de Réximen Interior).
- Informar á familia a organización académica do curso: horarios, profesores, datas de avaliación, promoción, características da ESO, etc.

2.3.- A COMUNIDADE ESCOLAR

2.3.1.- O alumnado. Tipoloxía escolar

Os alumnos e alumnas deste centro, tanto na ESO como nos Bacharelatos, proceden principalmente dos concellos de Mondoñedo (cerca do 50 %) e Lourenzá (en torno ó 40 %). Ademais, unha minoría significativa dos alumnos (máis dun 10 %) é orixinaria do veciño concello de Abadín. Dacordo coa estrutura socioeconómica destes concellos o alumnado provén do medio rural (aproximadamente o 60 %) e do entorno urbanizado das vilas que detentan a capitalidade dos concellos (sobre un 40%). Estes alumnos cursaron maioritariamente os estudos de ensinanza primaria nos centros adscritos de Mondoñedo e Lourenzá. A súa formación é xeralmente axeitada, aínda que se perciben algunhas carencias específicas de base académica, especialmente en materias fundamentais como as linguas e as matemáticas, tamén se producen algúns casos de problemas de conducta e dificultades de convivencia e incorpórase habitualmente alumnado de educación especial con necesidade de adaptacións curriculares, reforzos e apoio educativo. A lingua de

comunicación do alumnado, en coherencia co entorno rural, é o galego.

Existe un pequeno número de alumnos procedentes de familias inmigrantes de orixe marroquí, que ademais dalgunhas carencias básicas deben ser integrados mediante programas de adquisición de linguas para incorporalos ó proceso educativo.

Nos Ciclos Formativos a procedencia é máis variada, con orixes diversos, aínda que a área de influencia do Instituto abarca principalmente a Mariña lucense.

2.3.2.- As familias

As familias teñen un nivel socioeconómico medio, e son traballadores fundamentalmente da agricultura, do sector servizos (administración, comercio, transportes, etc.) e da pequena e mediana industria. As familias caracterízanse por ser escasamente participativas na vida do centro, aínda que durante o curso 2008-2008 constituíuse a APA do Instituto e os pais elixiron un representante para o Consello Escolar. Conseguir maior implicación das familias no proceso educativo é un dos grandes retos do futuro para o Instituto.

2.3.3.- O profesorado

Nestes momentos aproximadamente dous terzos dos profesores teñen praza fixa no centro, e o resto destino provisional. Do profesorado con destino definitivo aproximadamente a metade ten raíces e reside permanentemente na comarca, outra parte importante desprazase diariamente doutros puntos da provincia (Vilalba, Lugo) e o resto provén doutras áreas de Galicia ou do occidente ástur. Esta situación fai necesario profundizar na identificación entre profesorado, centro e comarca. En xeral, unha boa parte está comprometido co Instituto, motivado pola súa formación profesional, e participa en numerosas actividades de formación externa.

2.3.4.- O persoal non docente

Na plantilla deste centro están integrados dous conserxes, tres limpadoras e un auxiliar administrativo.

3.- ¿QUÉ PENSAMOS?

3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO

A educación é unha tarefa conxunta e compartida por toda a comunidade educativa. Neste sentido o IES San Rosendo identificase coas seguintes sinais de identidade:

Aconfesionalidade

Neste centro manifestamos o noso respecto ás diferentes crenzas relixiosas. Defendemos á liberdade de todo os membros da comunidade escolar, a declarar e practicar á súa opción de pensamento, sexa relixiosa ou non.

Coeducación

Mediante a coeducación intentaremos eliminar calquera tipo de trato diferencial por razón de sexo. Así como na superación dos mitos, tabús e diferenciación de roles entre home e muller. A educación sexual será considerada como medio importante no proceso de coeducación e tratarase como tema transversal.

Lingua de aprendizaxe

No IES San Rosendo a lingua materna da maioría do alumnado é o galego polo que se fomentará o seu uso como lingua de aprendizaxe, considerándoa como lingua oficial do centro, polo que o equipo de normalización lingüística dotará ó persoal dos medios precisos que faciliten o uso do galego como instrumento de comunicación nas aulas. Atendendo á lexislación vixente será utilizado en todas ás áreas do curriculum agás na área de lingua castelán e literatura. As programación e todos os documentos oficiais do centro deben ser redactados en galego. As programacións de lingua castelán poderán ir en castelán. Aínda que a lingua de aprendizaxe prioritaria sexa o galego, fomentaremos o respecto, tanto pola lingua castelán como polas linguas estranxeiras.

Interacción co medio

O centro permanecerá aberto a comunidade que o rodea establecendo unha interacción co medio social. A institución escolar debe introducir ós alumnos na realidade

social, natural, histórica, lingüística e económica do seu entorno.

Fomentaránse as actividades extraescolares e complementarias e valorarásese o respecto e coidado do entorno.

Liña metodolóxica

Practicaremos unha metodoloxía activa, fomentando no alumno/a unha actitude curiosa, crítica e investigadora que mediante o traballo individual e colectivo se convirta na base da súa formación e o capacite para APRENDER A APRENDER.

O labor educativo e disciplinario deste centro basearase no respecto mútuo, no diálogo, responsabilidade, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

Partindo destas directrices metodolóxicas concréntanse nos seguintes principios:

- **Constructivismo:** Promover a participación activa do alumnado na adquisición dos coñecementos sempre partindo dos coñecementos previos e das características psicolóxicas propias da súa idade.
- **Funcionalidade:** As aprendizaxes deben servirle ó alumno para ser aplicadas en situacións e lugares distintos ós escolares. O ensino funcional vai aparellado o ensino significativo e constructivo e debe conseguir que os alumnos desenvolvan as competencias básicas
- **Significatividade:** Intentamos erradicar a aprendizaxe repetitiva, mecánica e memorística, debemos conectar as actividades coa aprendizaxes previas do alumno para que sirvan de unión ós novos coñecementos.
- **Interactividade:** os alumnos aprenden en relación co profesor e cos compañeiros cos que establece unha relación de igualdade que favorece interaccións tanto afectivas como cognitivas. Así pois debemos promover situacións de interacción que favorezan a aprendizaxe, para aprender a aprender, encamiñándose ao aprendizaxe autónomo.
- **Globalidade e interdisciplinabilidade:** A realidade é sempre de carácter unitario polo que non permite a parcelización que admite o coñecemento. Por iso como profesionais da educación intentaremos implicar varias áreas para chegar a análise dos distintos coñecementos dende unha perspectiva multidisciplinar.
- **Mediación nas aprendizaxes:** O labor docente debe ser o facilitador e dinamizador das aprendizaxes en coherencia cos principios antes expostos. O profesor non debe ser un elemento pasivo, debe interactuar continuamente cos seus alumnos.
- **Avaliación sistemática** de tódolos procesos implicados na tarefa docente, a

práctica docente, a relación profesor alumno, libro de texto, actividades, etc. A avaliación forma parte do proceso da ensinanza como elemento integrante do proceso de aprendizaxe.

Atención a diversidade

Entendemos a diversidade como a diferenza natural entre as persoas, debido ás súas capacidades, actitudes, lingua, cultura, relixión etc. Como centro asumimos a diversidade do alumnado como unha responsabilidade de todos, e procuramos buscar estratexias e os medios axeitados. Para poder levar a cabo a atención a diversidade tomamos como referencia a lexislación vixente así como o noso plan de convivencia, aprendendo a respetarnos e atendendo nas aprendizaxes a todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación, polas súas capacidades, país de orixen ,etc.

Para levar a cabo a atención a diversidade non é so suficiente eleborar un plan de atención a diversidade senón que debe de implicarse toda a comunidade educativa, así como estar reflexado nas progarmacións didácticas de todos os departamentos.

Será preciso unha implicación do equipo directivo e Inspección educativa para levar a cabo os recursos humanos e materiais precisos para reforzos, desdobres, programas de diversificación curricular, adpatacións curriculares, integración de inmigrantes etc.

Esta nota de identidade de unha boa atención a diversidade é unha das que máis caracteriza o noso centro educativo e recóllese máis especificamente no Plan de Atención á Diversidade.

Xestión democrática e información plural

Apostamos por unha xestión democrática e participativa, na que todos os estamentos da comunidade educativa poidan participar na xestión do centro, a través dos organos de goberno.

Procuramos que a información funcione horizontal e verticalmente, para que todos poidan ter acceso a ela como medio de participación e mellora da función docente e da convivencia.

Pluralismo e valores democráticos

Neste centro defendemos o pluralismo na medida en que non hai que excluír a ninguén pola súa procedencia, relixión, ideoloxía ou nivel económico, así como tamén hai que capacitar ós alumnos para vivir nunha sociedade que é plural, onde debemos

respetarnos mutuamente.

Transmitiremos os valores básicos dunha sociedade democrática, o respecto cara os demais e cara un mesmo, o sentido da liberdade ligado ó da responsabilidade, solidariedade e gusto polo traballo ben feito. Motivaremos ós alumnos a participar na mellora da sociedade.

Favoreceremos as actitudes de tolerancia e diálogo como vías imprescindibles para unha convivencia satisfactoria e como medio para a toma responsable de decisións.

En consecuencia procuraremos inculcar unhas valores de forma transversal en todas ás áreas, actividades que fomenten a educación para a paz, a convivencia, a saúde, o medio ambiente, contra a violencia de xénero etc.

Divulgaremos entre toda a comunidade educativa o coñecementos e os principios e notas de identidade do noso PEC.

4.- ¿QUE QUEREMOS?

4.1.- *OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO*

- ♦ Conseguir o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a.
- ♦ Formar ó alumnado no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais da persoa.
- ♦ Favorecer a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo.
- ♦ Fomentar actitudes que favorezan a participación na vida social e cultural.
- ♦ Formar ó alumnado no respecto á pluralidade lingüística e cultural da nosa sociedade.
- ♦ Capacitar ós alumnos/as para a obtención e asimilación de contidos conceptuais.
- ♦ Potenciar a idea de que a educación vai máis alá da mera transmisión de coñecementos.
- ♦ Espertar nos alumnos/as valores e aptitudes.
- ♦ Afacer ó alumnado a desenvolverse e tomar decisións en todo tipo de situacións.
- ♦ Concienciar da responsabilidade no cuidado do entorno.
- ♦ Axudar a comprender e utilizar a novas tecnoloxías da información e comunicación valorando a súa importancia na difusión da cultura.
- ♦ Impulsar o coñecemento de idiomas.
- ♦ Lograr a integración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (alumnado superdotado, estranxeiro ou con necesidades educativas especiais).
- ♦ Conseguir que o alumnado coñeza o entorno no que se desenvolve desde un punto de vista xeográfico, histórico, artístico e cultural.
- ♦ Valorizar o patrimonio material e inmaterial da comarca e en especial de Mondoñedo e Lourenzá.
- ♦ Integrar no currículo o coñecemento do medio rural, desenvolvendo o análise de áreas e actividades postergadas por un ensino centrado nos entornos urbanos totalmente alleos ó noso alumnado.
- ♦ Conseguir unha mellora continuada na calidade do ensino
- ♦ Desenvolver un ambiente axeitado para ó labor docente e crear unha relación fluida entre profesores e alumnos.
- ♦ Mellorar a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa (profesores, P.A.S., alumnos e pais) e cara o exterior e o entorno, fomentando o interese polo bo funcionamento do centro
- ♦ Promover a participación activa de tódos os estamentos da comunidade educativa nas actividades do centro.

4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.1.1.- Obxectivos no ámbito pedagógico e lingüístico

1. Seleccionar adecuadamente os contidos correspondentes a cada nivel educativo para acadar os obxectivos curriculares e competencias básicas, co fin de permitir a promoción académica e profesional dos alumnos/as.
2. Fomentar no alumnado unha visión global do coñecemento, relacionando as distintas materias entre si e co mundo exterior, incorporando ás programacións obxectivos e contidos vencellados co contorno.
3. Potenciar o traballo de atención á diversidade tomando as medidas máis axeitadas (curriculares: adaptación dos elementos do currículo, e organizativas: flexibilizacións nos horarios, agrupacións, etc.) solicitando da administración o apoio e os recursos necesarios nos aspectos formativo, material e humano.
4. Desenvolver as capacidades de expresión e comprensión oral e escrita e o coñecemento das linguaxes científicas.
5. Fomentar hábitos de lectura.
6. Adaptar o currículo para aqueles alumnos/as que manifesten necesidades especiais de aprendizaxe ou presenten dificultades na adquisición das linguas, especialmente no caso dos alumnos inmigrantes.
7. Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral; así mesmo, facer da avaliación un instrumento de motivación e autoestima.
8. Impulsar a acción tutorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa e profesional.
9. Fomentar a participación en actividades complementarias e extraescolares avaliando a súa importancia didáctica.

10. Estimular o emprego da educación física e o deporte para o lecer, a ampliación do coñecemento, a práctica de hábitos saudables e como medios para favorecer o desenvolvemento persoal.

11. Desenvolver o uso do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares xerais.

12. Fomentar o coñecemento do noso patrimonio artístico, cultural e medioambiental contribuíndo activamente na súa conservación e mellora.

4.1.2.- Obxectivos no ámbito metodolóxico

1. Impulsar unha aprendizaxe activa e significativa a través da mediación do profesor/a no proceso de ensinanza-aprendizaxe, na que o alumno/a sexa verdadeiro protagonista, potenciando a súa creatividade, a adquisición de técnicas de traballo e hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomenten o interese pola súa formación continua e integral.
2. Lograr a coordinación entre as distintas materias atendendo ao desenvolvemento integral do alumnado e fomentando a cooperación entre os docentes.
3. Proporcionar ferramentas axeitadas ás necesidades do alumnado (técnicas de estudo, tratamento da información, presentación de traballos, etc.)
4. Establecer unha ensinanza individualizada que considere prioritarios o ritmo e capacidade de cada alumno/a, o nivel de competencia curricular (avaliación inicial), o estilo de aprendizaxe, as medidas de atención á diversidade (reforzo educativo, adaptacións curriculares, programas de diversificación curricular, adquisición de linguas, ...) e a necesidade de complementar o traballo persoal co traballo en equipo.
5. Consensuar metodoloxías, estratexias de intervención e obxectivos comúns para acadar as competencias básicas de cada nivel.
6. Desenvolver métodos coherentes de avaliación por niveis.

4.1.3.- Obxectivos no ámbito dos valores

1. Crear un clima apoiado na orde, na disciplina e na interacción social (indispensables para a vida e traballos académicos) no que o respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa, o diálogo e a solidariedade sexan comprendidos e aceptados por todos.
2. Desenvolver unha aprendizaxe potenciadora do autoconcepto e da autoestima. Con tal fin, o profesorado promoverá un clima distendido e acoledor que permita a interacción educativa adecuada e o respecto mutuo entre docentes e alumnos/as.
3. Estimular no alumnado a confianza en si mesmo e nas propias posibilidades, valorando o esforzo, o espírito de superación e o interese por aprender.
4. Incorporar nos currículos, de forma transversal, aquelas ensinanzas que inciden directamente na escala de valores (contidos transversais): educación para a paz, a saúde, a solidariedade, o respecto á diferenza e a igualdade entre os sexos para conseguir unha verdadeira educación baseada en valores por enriba da instrución
5. Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a todos os membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
6. Conseguir que a convivencia no centro, baseada no diálogo, o respecto e a estima, permita o nacemento de vencellos de amizade e comunicación.
7. Velar por todas aquelas actividades que fomenten o pluralismo e os valores democráticos, erradicando calquera comportamento discriminatorio.
8. Crear hábitos de respecto así como actitudes de diálogo cara os membros da comunidade educativa.
9. Concienciar ós membros da comunidade educativa da responsabilidade de todos e cada un no mantemento e coidado das instalacións, fomentando a valoración de todo o que é

propiedade pública como ben común.

10. Fomentar o respecto á diversidade (non existen dúas persoas iguais) como algo inherente ao ser humano.

11. Desenvolver unha cultura que respete e valore o esforzo e o traballo individual e colectivo como unha disposición e forma de vivir tanto a nivel persoal como social.

13. Revisar anualmente o RRI para adecualo ás necesidades do momento.

14. Desenvolver as diferentes instancias vinculadas coa resolución de conflitos tanto o Plan como a Comisión de Convivencia e artellar un sistema de arbitraje e mediación para que os alumnos intervinían na resolución dos problemas e conflitos que os impliquen.

15. Desenvolver o espírito crítico dos alumnos, fomentar a súa autonomía e ofrecerlles unha formación útil para a súa participación na sociedade.

16. Estimular a colaboración e o traballo en equipo.

17. Valorar e fomentar o interese por un funcionamento do centro no que se integren todos os puntos de vista e capacidades posibles.

4.1.4.- Obxectivos no ámbito institucional e do contorno

1. Desde o punto de vista interno, estimular a participación activa de todos os sectores da comunidade educativa, promovendo circuitos de comunicación entre eles e o asociacionismo entre o alumnado.

2. Desde o punto de vista externo, establecer e animar todo tipo de relación coa administración e con outros centros educativos locais, provinciais e internacionais.

3. Organizar contactos coas empresas da comarca cara ás prácticas dos Ciclos Formativos e o Programas de Iniciación Profesional.

4. Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión


verdadeiramente participativa.

5. Proporcionar ao profesorado os medios axeitados para conseguir a súa coordinación en todos os niveis que integran as programacións didácticas.
6. Potenciar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación.
7. Difundir e promover o Regulamento de Réxime Interior entre toda a comunidade educativa para o coñecemento de dereitos e deberes por parte de todos/as.
8. Potenciar a complementariedade económica entre os departamentos de cara a unha maior racionalización dos gastos.
9. Planificar as actividades da xunta de delegados para facela operativa e buscar que os alumnos se impliquen no proceso educativo.
10. Lograr que os pais/nais se sintan partícipes na educación dos seus fillos.
11. Impulsar a participación activa de todos os membros da comunidade educativa na xestión democrática e transparente do centro.
12. Realizar programas de colaboración cos Centros de Primaria dependentes do Instituto, coas asociacións culturais e coa administración local.
13. Desenvolver a formación académica dos nosos alumnos cara unha mellor integración no mundo laboral.
14. Realizar actividades de convivencia, cooperación e colaboración coas familias.

5.- ¿COMO NOS ORGANIZAMOS?

5.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO DO CENTRO

Dadas as características deste centro, a estrutura dos órganos de goberno para os vindeiros anos, que lle corresponde segundo o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria¹, resúmese no seguinte organigrama:



5.1.1.- Órganos unipersoais

O conxunto dos órganos unipersoais de goberno recibe o nome de **EQUIPO DIRECTIVO**. Por este motivo, queda comprometido a manter reunións periódicas (cando menos, unha semanal) e cantas outras sexan necesarias cos distintos órganos para o bo funcionamento do instituto. As atribucións concretas que lle outorga a lexislación vixente a cada órgano de goberno unipersoal poden traducirse en dúas grandes liñas de actuación en equipo:

¹ Atópase en dirección a disposición de tódolos membros da comunidade educativa que o requiran.

ORGANIZAR: O equipo directivo debe funcionar como órgano xestor e coordinador de toda a organización do centro no seu sentido máis amplo (ordenación do réxime administrativo, organización de reunións, planificación das xuntas de avaliación, elaboración da programación xeral anual, control de asistencia do persoal, orzamentos, relacións exteriores, etcétera), sempre baixo as directrices emanadas do Consello Escolar.

É preciso que este labor se realice coa máxima transparencia, pois unha boa organización e ben entendida resulta fundamental na consecución dos obxectivos pedagóxicos pretendidos neste proxecto.

DINAMIZAR: Isto é, entender o equipo directivo como núcleo dinamizador do claustro de profesores, impulsando a acción educativa que xurde do seu sentir maioritario, dentro do marco deste Proxecto Educativo.

5.1.1.1.- Director/a

A figura do director/a ten un valor especial dentro da organización do instituto, pois na práctica é quen conforma un estilo de actuación no centro.

Á parte das numerosas competencias concretas que por lei lle corresponden, o director/a debe intentar crear un ambiente educativo adecuado, favorecer as relacións humanas e potenciar o espírito de equipo nos profesores, co fin de involucrar a todos na consecución dos obxectivos que con este P.E. se pretenden. Asemade, deberá ser o transmisor das inquiredanzas colectivas que xurdan no centro ás autoridades educativas competentes, sen menoscabo das decisións que tanto o claustro como o Consello Escolar puideran tomar neste sentido.

5.1.1.2.- Vicedirector/a

Dentro das competencias que lle outorga a lexislación vixente débese salientar o labor de coordinar a realización das actividades extraescolares e complementarias, dada a súa importancia na formación integral do alumno. Tamén lle corresponde a importante función de substituír ó director no caso de ausencia ou enfermidade deste.

5.1.1.3.- Xefe/a de Estudos

Entre as funcións que corresponden a este órgano unipersoal destaca a delicada tarefa de exercer a xefatura do persoal docente, aínda que sexa por delegación do director e baixo a súa autoridade, así como o complicado labor de coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e, en xeral, de toda a actividade docente.

5.1.1.4.- Secretario/a

A figura do secretario é moi importante para o bo funcionamento e organización do instituto en xeral, pois entre as atribucións que lle son outorgadas pola lexislación vixente distínguese a de ordenar o réxime administrativo do instituto. Cremos que unha mellor axilización dos procesos burocráticos redunda indirectamente nun aumento de tempo dispoñible dos profesores para outros mesteres que lles son máis propios, ó mesmo tempo que mellora a calidade de atención ó público (pais e alumnos), repercutindo nun maior benestar da comunidade educativa.


Así mesmo, tamén lle corresponde ordear o réxime económico e coordinar, dirixir e supervisar a actividade e funcionamento do persoal de administración e servizos, por delegación do director.

5.1.2.- Órganos colexiados

No organigrama inicial quedou constancia de que os dous órganos colexiados de goberno nun instituto de educación secundaria son o Consello Escolar e o Claustro de Profesores. Aínda que ás veces xorden dúbidas en canto a interferencia entre súas competencias, estas están moi claras, de onde se desprende que os dous órganos son complementarios, como se evidencia nos vindeiros subapartados. As funcións de presidente e secretario dos dous órganos son exercidas polo director e secretario do instituto, respectivamente.

5.1.2.1.- O consello escolar

A composición do Consello Escolar do I.E.S. San Rosendo durante o curso 2008-2009 é a seguinte:



As súas importantísimas atribucións delátano como o máximo órgano de xestión, control e avaliación do instituto a través do cal participan no seu goberno os distintos membros da comunidade escolar.

Os integrantes do Consello Escolar deben participar nel pensando no interese xeral do centro e non tanto no colectivo que representan, escapando así dos plantexamentos corporativistas tantas veces denostados. Isto non significa que os representantes non deban recoller e expoñer as opinións que emanan dos seus colectivos. Efectivamente, deben facelo, pero non desde unha posición de bloques confrontando os seus intereses, senón cunha perspectiva de diálogo encamiñado a unificar os distintos pareceres, adoptando así os mellores acordos para o centro e logrando ó mesmo tempo un funcionamento harmonioso.

En consecuencia, o Consello Escolar asumirá como unha unidade as decisións tomadas, como órgano colexiado que é, evitando responsabilizar a un ou a outro colectivo dun determinado acordo. É unha obriga dos representantes no Consello Escolar habilitar canles de comunicación cos colectivos que representan tanto para recibir as súas aportacións como para informarlles dos acordos tomados. Finalmente, débese facer constar que o Consello Escolar debe manter sempre un carácter aberto, próximo e sensible ós problemas do instituto.

5.1.2.2.- O claustro de profesores

Está constituído por todos os profesores do cadro de persoal do instituto e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre os diferentes aspectos docentes do mesmo . Das súas competencias tamén se desprende un exercicio continuo de avaliación: dos aspectos docentes da programación xeral anual, do rendemento escolar e da propia avaliación que do centro realice a Administración Educativa.

Dende a asunción de que o profesorado é o motor imprescindible de todo proxecto de cambio na educación, no seo do claustro é onde se deben debater e adoptar as medidas que se consideren axeitadas para mellorar os procesos formativos co afán de lograr unha maior calidade no ensino, de acordo cos obxectivos planificados neste Proxecto Educativo. Isto supón un esforzo de reflexión e compromiso por parte do profesorado, para o que se fai necesario un ambiente de comunicación baseado no respecto e tolerancia, evitando aquelas intervencións que crispén o desenvolvemento da súa actividade.

5.2.- ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

5.2.1.- Departamentos didácticos

Estarán formados polos profesores e polas profesoras que impartan a mesma materia ou ámbito. Terán asignada unha cantidade orzamentaria por parte do centro que dedicarán a gastos segundo as súas necesidades e coordinarán coa secretaría os seus investimentos.

DEPARTAMENTOS
Actividades agrarias
Artes Plásticas
Ciencias Naturais
Educación Física e Deportiva
Filosofía
Física e Química
Francés
Grego
Inglés
Latín
Lingua Castelá e Literatura
Lingua Galega e Literatura
Matemáticas
Música
Relixión
Tecnoloxía
Xeografía e Historia
Economía

5.2.2.- Departamento de Orientación

Formarán parte do departamento de orientación o xefe/a do departamento/a (profesor/a de educación secundaria da especialidade de psicoloxía ou pedagogía), o/a profesor/a de pedagogía terapéutica, o/a profesor/a de audición e linguaxe, e os titores de todas as etapas educativas así como os xefes de orientación dos C.E.I.P adscritos. As súas funcións recóllense no Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 79, 27 de abril de 1998).

5.2.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)

Está integrada polos/as xefes/as dos distintos departamentos, o/a coordinador/a da FCT, o/a coordinador/a de normalización lingüística, os/as profesores/as de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, a dirección do centro e o/a xefe/a de estudos.

É o máximo órgano de planificación, animación, control, supervisión e avaliación dos temas académicos do centro.

5.2.4.- Xuntas de avaliación

Constituídas por todos/as os/as profesores/as do grupo e tamén pola persoa orientadora do centro. Na E.S.O. tamén forman parte os/as profesores/as de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. Tomarán decisións sobre a promoción e titulación do alumnado, e sobre todo tipo de medidas relacionadas coa súa actividade educativa.

5.2.5.- Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico

Estará formada polo director ou directora do centro, que a presidirá, o xefe ou xefa de estudos, o xefe ou a xefa do departamento de orientación, e un titor ou unha titora de 2º de E.S.O, nomeados pola dirección do centro.

As condicións e o procedemento de realización da proba de avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma galega están reguladas pola *Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 37, 23-febrero-2009)*.

5.2.6.- Equipo da biblioteca

A persoa responsable da biblioteca coordinará un grupo de apoio de carácter interdisciplinar, que se formará entre o profesorado de diferentes departamentos do centro para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto da biblioteca. Este grupo constituirase co profesorado que mostre dedicación e teña dispoñibilidade horaria para empregarse nesta tarefa, polo que estas circunstancias se considerarán na elaboración dos horarios do profesorado ao comezo do curso escolar.

5.2.7.- Grupos de traballo e seminarios permanentes

Todos os cursos académicos os profesores e as profesoras que o desexen poderán constituír grupos para traballar sobre distintos ámbitos de mellora da súa práctica docente. O obxecto destes grupos será, no ámbito da formación permanente do profesorado,

potenciar o traballo en equipo, reflexionar sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe, e actualizar coñecementos para a súa práctica docente.

5.3.- ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO

5.3.1.- Delegados e Xunta de Delegados/as

Cada grupo de alumnos/as elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da Xunta de Delegados, e tamén un subdelegado, que substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións. As súas funcións están recollidas no *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, título V (D.O.G. Nº 156, 9-agosto- 1996)*,

A Xunta de Delegados estará composta polos representantes do alumnado no Consello Escolar e polo/a delegado/a de cada grupo. As súas funcións están recollidas tamén no anterior decreto.

5.4.- ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente conta con representación no Consello Escolar do centro, no Observatorio de Convivencia e no equipo de normalización lingüística.

5.5.- COMISIÓNS MIXTAS

5.5.1.- Comisión económica

Integrada pola dirección, o/a secretario/a do centro, un representante do profesorado, un representante dos/das pais / nais e outro do alumnado. Entre as súas funcións estarán as de colaborar co secretario/a do centro na elaboración da memoria económica e o orzamento do centro, a avaliación das necesidades deste e a presentación desta documentación ó Consello Escolar.

Nos orzamentos do centro realizarase un reparto entre os departamentos didácticos do presuposto disponible para esta finalidade, baseado na presentación por parte destes dunha relación de necesidades elaborada en base a prioridades. Seguirase a liña dunha xestión económica responsable e transparente.

5.5.2.- Observatorio de convivencia

As súas funcións atopanse recollidas no *Decreto 85/2007, do 12 de abril (D.O.G. nº 88, 8 de maio de 2007)*. Debe ocuparse principalmente de analizar a convivencia e a conflictividade no centro, elaborar informes, desenvolver propostas e coordinar as actuacións necesarias para conseguir melloras neste ámbito.

Estará integrado polo/a director/a do centro, a quen lle corresponderá a presidencia, o xefe ou xefa de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia, catro representantes do profesorado, o/a orientador/a do centro, un representante do alumnado, un representante dos pais e nais, un representante do persoal non docente e a persoa do Consello Escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación. Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta. Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

5.5.3.- Equipo de normalización lingüística

Actuará baixo a supervisión da dirección do centro e estará formado por representantes do profesorado, do alumnado e do persoal non docente. Un dos membros do profesorado será o coordinador do equipo. Este equipo terá en conta o *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (D.O.G. Nº 125, 29-xuño-2007)* que desenvolve a Lei de normalización lingüística para a súa aplicación en todos os centros docentes públicos e privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

6.- ¿COMO TRABALLAMOS?

6.1.- ASPECTOS XERAIS DA ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DOCENTES.

6.1.1.- Instrucións para a elaboración das programación didácticas.

Os diferentes departamentos do I.E.S. San Rosendo deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programación didácticas:

1. Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados.
2. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das materias que se integran no seu departamento.
3. Os/As xefes/as de departamento entregarán as programación ou modificacións das mesmas en formato electrónico antes do 1 de decembro de cada curso escolar.
4. A xefatura de estudos do centro comprobará que na programación de cada un dos departamentos figuran os apartados correspondentes. De faltar algún dos apartados deberá instar ao departamento correspondente a completar a programación incluíndo os apartados dos que carece.
5. Unha vez que a xefatura de estudos teña no seu poder todas as programación cumprimentadas correctamente deberá remitir unha copia ao servizo de inspección educativa en formato electrónico. No escrito de remisión farase constar expresamente que todas as programación conteñen os apartados que a normativa vixente contempla.
6. O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.
7. Se algún profesor/a decidira incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación e a xustificación correspondente, incluírase na programación do dito departamento, sempre que así o acorde o citado órgano ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.
8. Non será necesario enviar cada curso escolar novas programación agás que se produzan cambios derivados do seguimento e avaliación da citada programación. De producirse cambios debería seguirse o procedemento fixado nestas instrucións.

9. Ao comezo de cada curso a xefatura de cada departamento didáctico elaborará información relativa á programación didáctica que dará a coñecer ao alumnado a través do profesorado das distintas materias asignadas a cada departamento. Esta información incluirá:

- ❖ Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso.
- ❖ Os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva.
- ❖ Os criterios ou sistemas de cualificación.
- ❖ Os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.

10. O centro deberá facer públicos:

- Os criterios xerais de avaliación das aprendizaxes.
- Os criterios xerais de promoción do alumnado.
- Os criterios de titulación do alumnado.

6.1.2.- Elementos das programacións didácticas

Os elementos que deberán recoller todas as programacións didácticas son os seguintes:

1. Datos do Departamento.
 - 1.1. Composición.
 - 1.2. Reunión semanal.
 - 1.3. Materias impartidas.
 - 1.4. Accesibilidade da programación.
2. Lexislación curricular.
 - 2.1. Educación Secundaria Obrigatoria.
 - 2.2. Bacharelato.
3. Contextualización da asignatura.
 - 3.1. Contribución da asignatura ao logro das competencias básicas (solo para ESO).
 1. Comunicación lingüística.
 2. Coñecemento e interacción co mundo físico.
 3. Tratamento da información e competencia dixital.
 4. Competencia social e cidadá.
 5. Competencia cultural e artística.
 6. Competencia para aprender a aprender.
 7. Autonomía e iniciativa persoal.
 - 3.2. Contribución da asignatura ao Plan Lector do Centro.
 - 3.3. Contribución da asignatura ao Plan TIC do Centro.
 - 3.4. Contribución da asignatura ao Plan de Convivencia do Centro.

4. Obxectivos da asignatura.
5. Metodoloxía.
 - 5.1 Metodoloxía específica da área.
 - 5.2 Medidas de atención á diversidade: reforzo e ampliación.
6. Materiais e recursos didácticos.
 - 6.1 Materiais e recursos didácticos empregados.
 - 6.2 Actividades complementarias e extraescolares.
7. Organización xeral dos contidos.
8. Avaliación.
 - 8.1. Criterios xerais de avaliación
 - 8.2. Contidos mínimos esixidos para a superación da asignatura.
9. Procedementos de avaliación.
 - 9.1. Avaliación parcial ordinaria.
 - 9.2. Avaliación final ordinaria.
 - 9.3. Avaliación final extraordinaria.
 - 9.4. Recuperación da asignatura do propio curso.
 - 9.5. Recuperación de asignaturas pendentes de cursos anteriores.
 1. Exames parciais de pendentes.
 2. Exames finais de pendentes.

6.2.- CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

6.2.1.- Educación secundaria obrigatoria

Todos os aspectos relacionados coa titulación e promoción do alumnado da E.S.O. veñen recollidos na *Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 4, 7 de xaneiro do 2008)*.

6.2.1.1.- Promoción

O alumnado promocionará ao curso seguinte cando supere os obxectivos de todas as materias cursadas. Tamén promocionará, unha vez realizadas as probas extraordinarias, con unha ou dúas materias con avaliación negativa.

Para efectuar o cómputo contabilízanse as materias suspensas do curso e as materias pendentes; ademáis considéranse materias independentes as de diferentes cursos que teñan a mesma denominación. As materias pendentes de cursos anteriores deberanse recuperar nas correspondentes avaliacións de pendentes.

Os alumnos/as non promocionarán con tres materias suspensas, a non ser en casos

moi excepcionais. A Xunta de Avaliación decidirá nestes casos tomando en consideración os seguintes aspectos:

- Non abandonou o en ningunha materia. Neste caso o abandono deberá estar xustificado documentalmente.
- Non presenta faltas de asistencia inxustificadas.
- A actitude, o traballo e a disciplina mantida durante o curso no seguimento de todas as materias considerase positiva.
- O comportamento nas clases, o cumprimento das normas e o respecto ós compañeiros e profesores considerase correcto.
- O grao de desenvolvemento das competencias básicas e de adquisición dos aprendizaxes en relación cos obxectivos da etapa achégase os mínimos esixibles.

A Xunta avaliadora deberá apreciar si considera que ó alumno/a ten a suficiente madurez persoal e intelectual para promocionar nestas condicións ó seguinte curso, tendo en conta que deberá asumir a recuperación das materias pendentes. As decisións tomadas terán en conta a evolución do alumno ou alumna ao longo do curso, tendo sempre coma referente e punto de partida a avaliación inicial. Cada decisión adoptada deberá xustificarse documentalmente no apartado “Observacións” do Informe final de curso, segundo o anexo V da *Orde de 21 de decembro de 2007* pola que se regula a avaliación.

Só se pode repetir curso unha soa vez, dúas veces como máximo na ESO, e se non repiteu ningún curso na ESO, dúas veces en cuarto da E.S.O. Si está repetindo curso e despois da avaliación extraordinaria (setembro) ten máis de 2 ou 3 materias suspensas, o alumno promociona automaticamente ó seguinte curso (porque non pode repetir por segunda vez no curso).

6.2.1.2.- Titulación

O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria superase todas as materias e alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Tamén poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa en unha ou dúas materias. Para o cómputo das materias contabilizaranse as materias suspensas do curso e as materias

pendentes da mesma maneira que para a promoción.

Os alumnos/as non recibirán o título con tres materias suspensas, a non ser en casos moi excepcionais. A Xunta de Avaliación decidirá nestes casos tomando en consideración os seguintes aspectos:

- Non abandonou o en ningunha materia. Neste caso o abandono deberá estar xustificado documentalmente.
- Non presenta faltas de asistencia inxustificadas.
- A actitude, o traballo e a disciplina mantida durante o curso no seguimento de todas as materias considerase positiva.
- O comportamento nas clases, o cumprimento das normas e o respecto ós compañeiros e profesores considerase correcto.
- O grao de desenvolvemento das competencias básicas e de adquisición dos aprendizaxes en relación cos obxectivos da etapa achégase os mínimos esixibles.

A Xunta avaliadora deberá apreciar si considera que ó alumno/a ten a suficiente madurez persoal e intelectual para obter o título nestas condicións. As decisións tomadas terán en conta a evolución do alumno ou alumna ao longo do curso, tendo sempre coma referente e punto de partida a avaliación inicial. Cada decisión adoptada deberá xustificarse documentalmente no apartado “Observacións” do Informe final de curso, segundo o anexo V da *Orde de 21 de decembro de 2007* pola que se regula a avaliación.

O alumnado que curse programas de diversificación curricular obterá o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Asímesmo, poderá obter o mencionado título aquel alumnado que, tendo superado os dous ámbitos, teña avaliación negativa en unha ou dúas materias e excepcionalmente con tres, si a xunta de avaliación decide que titule tras tomar en consideración os aspectos mencionados anteriormente. Si ó final do programa non alcanzou os obxectivos pode repetir unha vez .

6.2.2.- Bacharelato

A titulación e promoción no bacharelato está recollida na *Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na*

6.2.2.1.- Promoción

O alumnado poderá permanecer cursando Bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ó segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente en primeiro de Bacharelato deberá cursalas ao longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalguna materia poderá matricularse destas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas. O alumnado que estea nas circunstancias do punto anterior, poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, sen ter que ser avaliado nestas, e deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.

6.2.2.2.- Titulación

Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato. A nota media do Bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias que configuran a modalidade cursada.

6.2.3.- Ciclos formativos de Formación Profesional

A publicación no Boletín Oficial do Estado do Real decreto 1358/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no ámbito do sistema educativo, supuxo a posta en marcha dun novo marco normativo da formación profesional derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que se plasmou a nivel autonómico na publicación de tres ordes no Diario Oficial de Galicia:

- Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior. (DOG do 7 de maio).

- Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas. (DOG do 15 de xuño).
- Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. (DOG do 9 de agosto).

A regulación establecida nestas ordes é a que se sigue para a avaliación, promoción e titulación nos ciclos formativos de formación profesional.

6.3.- ASPECTOS COMPLEMENTARIOS

6.3.1.- Atención educativa ao alumnado que non opte por ensinanzas de relixión

O alumnado da E.S.O. e de Bacharelato que non opte polas ensinanzas de *Relixión Católica* nin de *Historia e Cultura das Relixións* deberá realizar algunha das seguintes actividades:

- Elaboración dun periódico.
- Técnicas de estudo, actividades de comprensión lectora, velocidade de lectura, expresión oral e escrita.
- Programa de desenvolvemento cognitivo: actividades de atención, concentración, memoria, razoamento,...
- Taller de emprego (especialmente en 4º da ESO): elaboración de curriculums, cumplimentación de formularios administrativos,...
- Taller de elaboración de máscaras. Desenvolvemento de actividades manuais.
- Taller de xogos populares e tradicionais.
- Taller de danza. Danzas do mundo contemporáneo.
- Actividades para o fomento da lectura.
- Debates sobre temas de actualidade.
- Actividades de descubrimento intercultural, centradas na investigación e coñecemento doutras culturas (sobre todo en cursos con alumnado inmigrante)
- Xogos lúdico-educativos: resolución de problemas de lóxica e inxenio,

paradoxas matemáticas, construción de figuras xeométricas. Buscarase a utilización do material recibido no programa de éxito escolar.

- Taller de cine con proxección de películas e debates, atendendo principalmente á educación en valores.
- Taller de ecoloxía. Actividades relacionadas coa conciencia ecolóxica, a investigación e o traballo neste tema: construción dunha cociña solar, traballo e investigación no horto escolar, etc.
- Taller de educación vial.
- Taller de teatro e expresión corporal.
- Investigación sobre o patrimonio inmaterial: recollida de lendas, tradicións, contos populares ...
- Taller de turismo:
 - ◆ Elaboración de trípticos de promoción do noso entorno fixándose en festividades , actividades culturais, monumentos, rutas de interese, ...
 - ◆ Viaxe virtual: Busca de información sobre temas variados de países, lugares ou espazos relevantes que recorrería o alumno ou un grupo de alumnos nun proxecto de viaxe.

O profesorado encargado de levalas a cabo deberá decidir ó comezo de cada curso escolar que actividades realizará; podendo programar o seu desenvolvemento durante todo o curso ou organizar cada trimestre unha actividade diferente. As actividades serán adecuadas ós cursos e niveis nos que se realicen e deberase ter en conta a súa utilidade. Os profesores que asuman a Atención Educativa serán designados segundo as necesidades organizativas do centro e poderán pertencer a calquera departamento. Este profesorado poderá propoñer calquera outra actividade sempre que cumpra as condicións anteriores e sexa aprobada polo claustro de profesores e profesoras, e polo Consello Escolar, e non vaia en contra da lexislación vixente.

Ainda que a devandita atención non é avaliable e en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa, o profesor deberá esixir trimestralmente aos seus alumnos a realización dun traballo, de calquera tipo e en calquera soporte, que reflexe a actividade realizada. O esforzo, a actitude, a participación, a presentación e elaboración dos resultados serán os criterios empregados para valorar a implicación do alumno nas actividades desenvolvidas no período de atención educativa e informar desta ós pais e titores.

6.3.2.- Exención da segunda lingua estranxeira en primeiro e segundo da E.S.O.

A Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da Educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no punto 5-f, referente ás materias e ao horario lectivo semanal, o seguinte:

“O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida”.

Esta medida será adoptada polos Departamentos de Orientación dos CEIP e titores de 6º de Primaria (según o modelo de informe disponible no Departamento de Orientación do IES) no caso de alumnos de incorporación a 1º E.S.O., e no caso do alumnado de 2º da E.S.O. tomarase como referencia a exención en 1º E.S.O.

7.- RELACIÓN DE ANEXOS DO P. E.

- ANEXO I: PLAN DE CONVIVENCIA
- ANEXO II: PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL
 - a) Plan de orientación académica e profesional
 - b) Plan de acción tutorial
- ANEXO III: PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE
- ANEXO IV: PROXECTO LECTOR DE CENTRO
- ANEXO V: PLAN DE FOMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (PLAN T.I.C.)
- ANEXO VI: NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO: REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO
- ANEXO VII: PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- ANEXO VIII: PLANES DE ACOLLIDA
 - a) Plan de acollida a pais
 - b) Plan de acollida ó alumnado
 - c) Plan de acollida ó profesorado e persoal non docente
 - d) Plan de acollida para alumnos inmigrantes
- ANEXO IX: PROXECTO INTERDISCIPLINAR EN 1º DA ESO